

# Artes e Letras

semanario cultural

de Faro de Vigo

Coordina: JOSE ANTONIO PEROZO · Ano III N.º 121

“Anxel Fole” en “oficio de escribir” por Luis Rei Núñez, pág. 188

“Outro libro do P. Sarmiento” por Xesús Alonso Montero, pág. 190

“El regreso de C. López García” por Xoan M. Carreira, pág. 191

## A cultura galega nos Estados Unidos

AMADO RINCON VIRULEGIO

A moitos pobos e culturas, en diferentes intres da historia, se lles negou o sal e o pan da súa singularidade. Tampouco se lles reconeceu os verdadeiros e esenciais valores que sempre funcionaron como alicerces da súa eistencia.

Uns por envexa e outros levados pola mala leite que mamaron, na que se atopaban misturados os xenes dunha herdanza de xenreira, abafallo e asoballamento, coidaron axeitado manter as cabezas deses pobos e culturas debaixo da bota lustrada, pero ferruxenta e premente sin lles importar o abafamento nin os xestos de dor o rouquexo deses pobos e culturas pertos da morte.

Nembargantes, algún deles, con unha fonda arela de sobrevivir, souperon remontar todos os apremamentos e raposadas físicas e mentales pra hoxe voltar a recuperar a súa personalidade, a súa dinidade, o seu ser étnico e cultural, e a súa vida social, política e cultural. Antre eses pobos estaba Galicia. A Galicia asoballada nos seus lares, e muitas veces despreciada fora deles.

Queimada a bica por unha banda, tivo que se lle dar a volta, e hoxe xa se olla alumear unha nova fogueira que vai cocendo a bica miúdo a miúdo pra deixar loura, lucente e comestíbel ás novas xeracións da casa e fora dela.

Este novo abrente cultural de Galicia estase a experimentar no noso País, antre as diferentes capas que forman o seu mundo vivencial. Disto non hai dúbida pros que temos vivido e seguido as cousas de Galicia nos derradeiros vinte anos. Mais pras xentes que por diferentes razóns vivimos na emigración, é motivo de outa ledicia saber que a cultura galega non somentes está adquirindo o poste que lle corresponde no Estado español, senón tamén no estranxeiro.

Escribía, fai uns anos, que a nosa lingua pode chegar a ser NOBEL, como o foi a “Yiddish”, e coido que non son un tolo, porque hoxe están a xurdir novas camadas de escritores de outras cualidades, os que xungados aos que xa veñen escribindo nas derradeiras dúas décadas

poden dar ao mundo do arte literario obras merescentes do devandito premio internacional.

Así com hai que moldear galeguistas culturais na nosa propia terra, tamén é necesario crear escolas de galeguistas no estranxeiro. Xentes que conociendo o noso pobo e cultura se adiquen a nos estudar e analizar pra logo espallar polo mundo estas esperencias inteleituas a traveso de conferencias, congresos e publicacións. Non se podería limitar esta idea á literatura nin á lingua. Hai outras leiras da cultura nas que se pode traballar: a historia, a economía, a socioloxía, o folklore, etc. Coido que ten chegado o intre axeitado pra facer algo positivo, sin soños nin andrómenas. A realidade pragmática é a que conta.

- Fai unhas semáns, tendo en mente o noso pasado e agoirando un futuro mellor pra cultura galega fora do noso país, nos xuntamos un mangado de galegos, profesores nos Estados Unidos, alén dunha profesora americana casada con un cubano fillo de galegos, e tomamos parte, invitados polo profesor coruñés Fidel López Criado de Rollins College, localizado en Winter Park, Florida, na “Terceira Conferencia Anual do Suroeste dos Estados Unidos de Linguas e Literaturas Estranxeiras”.

Nesta Conferencia, que durou tres días, se presentaron ponencias sobor a lingua e literatura de Galicia, Italia, Francia, Castela, Rusia, Países eslavos, Alemaña, Hispanoamérica, Brasil e literaturas clásicas. Alí estaban Cesar Oro de Howard University, quen falou encol “A fluctuación nominal -zon/ción no galego”; Xoan González Millán de City University of New York, apresentou o tema “A cultura galega hoxe: recuperación dunha lexitimación”; Amado Ricón Virulegio do College of



De izquirda a dereita, e no “Campus” de Rollins College, onde se celebrou a Conferencia en que se presentaron diferentes temas da literatura galega, aparecen Fidel López Criado, da Coruña; Amado Ricón Virulegio, de Redondela; Cesar Oro, de Lalin; Antonio Carreño, dos Peares; Ramón Alvares, de Ourense; e Xan González Millán, do Grove.

Staten Island (CUNY), tratou da “Influencia da lírica galega sobor a castelán”; Ramón Alvarez, de Delaware University espuxo o tópico “Psicoloxía da muller: conxuntura social en **Presente profundo**”; Judith Conde de Asbury College, desenrolou o tema “**Reiteración e progresión temática en Verbas derradeiras de Luz Poco Garza**”; Amado Ricón leu o traballo de Lois Pérez Rodríguez, quen non poido asistir: “Seis poetas galegos de hoxe”; e logo rematou a segunda sesión Antonio Garreño de Brown University, que fixo unha presentación xeral da obra de Celso Emilio Ferreiro, pechando con un refinado e maxistral análisis da estrutura e forma dos poemas do libro **Longa noite de pedra**: “María Soliña” e “O teito é de pedra”.

En setembro e outubro deste ano vanse celebrar dous congresos, un en Nova Iorque, e outro en Massachusetts aos que xa estamos invitados algúns deste grupo pra participar con ponencias encol temas da literatura, lingua e civilización galegas.

Dadas estas aitiividades culturais que xa son un feito, e aproveitando a xentileza de FARO DE VIGO, queremos, dende esta páxina, lembrarlle á Xunta de Galicia a outa importancia que ten a pronta apertura da Cadeira de Galego, creada polo Presidente Xerardo Fernández Albor na Universidade da Cidade de Nova Iorque durante a súa estancia nesta metrópoli no mes de outo-

bro derradeiro. Coidamos que estas aitiividades e participación en eventos inteleituas tiñan que ser esteadas por esa Cadeira, á que se poderían atraer xentes americanas interesadas na nosa cultura. Esta podería se transformar na escola de galeguistas estranxeiros á que antes me refería. Se necesita o pulo, aínda que sexa moral, das autoridades da Consellería de Educación e Cultura pra que esta idea adequiera as dimensións de que é merescente. Pensamos que o mesmo se ten de facer nos outros países europeos onde se atopan galegos profesionais do ensino, os que poderían encetar esta labouira en favor da cultura da nosa Terra.

Non é como teima de comparación, mais como unha auténtica realidade o decir que os cataláns crearon unha Cadeira de literatura na Universidade de Nova Iorque, mentras os vascos xa fai tempo que teñen un Centro de Estudos vascos na Universidade de Columbia. En muitas cousas sempre temos que ir os galegos ao rabo dos demais. A veces temos nós a culpa e non lla podemos votar a ninguén. Capacidade de traballo, intelixencia e adicación nos sobra, cando queremos. Tratemos de non o desperdiciar. Sigamos a traballar, porque samente do traballo pódese sacar algo. Os que fora de Galicia estamos, sentimos as mesmas inquedanzas e temos as mesmas ilusións dos nosos irmáns que nunca tiveron a necesidade de deixar a Terra. O noso lema é facer Galicia fora da Patria, pero sempre nela.